




Deputación
DA CORUÑA

Nº 33
21/02/2018

Boletín de Medio Ambiente

Serra do Xistral



Concello: o único concello coruñés que abarca é o de As Pontes de García Rodríguez, o resto engloba concellos lucenses.

Características: está catalogada como Lugar de Interese Comunitaria. É parte do macizo montañoso da península ibérica que separa a terra chá do mar. Ao ser unha zona montañosa tan dura e inhóspita, as aves non logran sobrevivir, aínda así, atópanse buitres leonardos e algún buitre negro.

Curiosidades: é a zona de España que menos sol recibe e a frecuente néboa procedente do mar deixa abundante choiva e humidade que empapa as súas extensas turbeiras de pastos, nas que habitan cabalos salvaxes e onden prosperan especies endémicas.

Noticias

O quecemento global e a contaminación da auga: principais preocupacións dos galegos

A perda de biodiversidade inquieta máis aos menores de 25 anos e o uso de pesticidas, aos maiores de 65.

A contaminación provocada das augas de ríos, lagos, arroyos e cursos subterráneos e o quecemento global sitúanse como os problemas principais para máis do 54% dos galegos. O 28,5% sitúa o cambio climático como a súa primeira inquietude, mentres que o 27,7% decántanse pola contaminación das augas. A seguinte preocupación é o uso de pesticidas e químicos na agricultura (6,7%).

Fonte: La Voz de Galicia

O que os teus vaqueiros contaminan

Máis de 4.000 millóns de pezas de denim salguen cada ano das fábricas, tinguidas de azul con índigo sintético fixado cun potente branqueador que fai que resulte altamente contaminante. Cada unha desas pezas utiliza 11.500 litros de auga no seu ciclo de vida. 200.000 toneladas destas tinguiduras van parar ao auga cada ano pola ineficiencia dos procesos de tinguido, moitos persisten na contorna.

O 65% da produción mundial téxtil realízase en China e, segundo o *Institute of Public and Environmental Affairs* esta industria descarga 2,5 billóns de litros á auga dos seus ríos, moitos contaminados.

Fonte: El País

Créase o Consello Asesor da Paisaxe

A Xunta de Galicia crea o primeiro Consello Asesor da Paisaxe, un órgano colexiado de carácter técnico e de asesoramento en materia de paisaxe con funcións de colaboración e cooperación entre administracións públicas con competencias nos territorios para a promoción e desenvolvemento de políticas comúns, coordinadas e programadas.

Neste consello estarán representados a administración autonómica, local, o Consello da Cultura Galega, as asociacións que teñan entre os seus fins a protección e mellora da paisaxe, as organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas, as organizacións empresariais intersectoriais galegas máis representativas, as universidades galegas e os especialistas en paisaxe.

Unha das súas principais funcións será informar as modificacións do Catálogo das Paisaxes, e das Directrices de Paisaxe, co fin de achegar o coñecemento experto e local que se obtivo durante a elaboración do Catálogo a partir do panel de expertos e do proceso de participación pública.

Fonte: Xunta

Aparece unha mancha negra nunha Praia de Xixón

O pasado xoves 15 e domingo 18 de febreiro, a praia xixonesa de San Lorenzo apareceu cunha gran mancha de carbón. Os xeólogos do Observatorio do Arenal afirman que son restos do Castelo de Salas, un barco que encallou fronte ás costas de Xixón o 11 de xaneiro de 1986, cargado con 100.000 toneladas de carbón.

Segundo explican os xeólogos, a mancha apareceu despois dun temporal, algo que xa sucedera en abril de 2017. A empresa Emulsa xa iniciou os labores de limpeza na praia, a máis concorrida da cidade.

Fonte: El País

Oficialmente esta é a primeira comunidade libre de plástico no mundo

En Gales, os cidadáns de Aberporth lograron erradicar o plástico das súas tendas, comercios e praias. Como? Facendo un esforzo en equipo: as cuncas de café son biodegradables, o leite vén en botellas de vidro e os cepillos de dentes son de bambú.

A idea xurdiu con Gail Tudor, que emprende unha viaxe en barco polas costas británicas e deuse conta do perigo dos microplásticos flotando no mar. Unha páxina de Facebook serviu de ligazón para manter aos cidadáns informados do que ocorría.

Aberporth converteuse así nun exemplo de consciencia colectiva que suxire; non só a posibilidade dun futuro sen plástico, senón a acción para lograr feitos reais desde a perspectiva dun futuro compartido.

Fonte: Ecoosfera

Sabías que...

comer menos carne realmente salva especies e ecosistemas?

Si a xente reducise o consumo de proteínas ás cantidades recomendadas, os granxeiros necesitarían un 13% menos de terra para producir alimento para o gando. Esa é a principal razón pola cal se promoven campañas para reducir o seu consumo, pois comer carne non só implica maior sacrificio de animais -tan só en México cada segundo sacrificanse 59 animais para a súa consumición- senón que a produción de carne carrega deforestación e gastos inxentes de auga, requírense 6.000 litros para conseguir un só quilo.

Francia prohíbe a venda de ovos criados por galiñas engaioladas

O ministro de Agricultura de Francia, Stéphane Travert, anunciou que a venda de ovos frescos criados por galiñas engaioladas prohibirase a partir de 2022 no país. Só poderanse adquirir os de animais crecidos ao aire libre.

Algunhas cadeas de supermercados en Francia adiantáronse á entrada en vigor desta proposta e só venden ovos procedentes de criadeiros ao aire libre. As galiñas engaioladas están máis expostas a enfermidades, polo que as organizacións ambientais considéranas prexudiciais para a saúde humana.

Fonte: La Vanguardia

Baleares planta cara ao cambio climático: prohibirá os coches diésel a partir de 2025

Un anteproxecto de lei do Govern expón que toda a frota de coches das illas sexa eléctrica en 2050. Prohibirase o acceso de vehículos diésel a partir de 2025 e o mesmo cos vehículos térmicos desde 2035. As Illas esperan ter un 40% menos de emisións en 2020 e un 90% menos en 2050.

A prohibición non afectará os coches dos residentes -poderán seguir usando o seu coche ata acabar a súa vida útil-, pero si ás novas matriculacións e aos visitantes que se despracen co seu vehículo ata Baleares en transporte marítimo.

Fonte: El Diario

Límites ao comercio de marfil

O pasado 31 de xaneiro, o Parlamento local da Rexión Administrativa Especial de Hong Kong da República Popular China, vetou por completo o comercio de marfil a partir do ano 2021. Da mesma maneira, aumentou a pena máxima por delitos contra a vida silvestre, elevándoa ata os 10 anos.

A medida anunciouse tan só un mes despois de que China, o maior consumidor de marfil de todo o mundo, puxese punto e final a esta actividade tras cerrar os 105 talleres e lugares de venda polo miúdo que quedaban en todo o país.

Fonte: El Mundo

Axenda Ambiental

- 22/02/2018 – 25/02/2018 Excursión SEO/Birdlife Costas galegas. Invernadas e Rarezas.
- 26/02/2018 - #EA26. Educación Ambiental con perspectiva de Xénero. Redes Sociais.
- Ata 28/02/2018 Concurso Xuvenil Natureza en Imaxes. Vídeos do Parque Nacional Serra do Guadarrama.
- Ata 28/03/2018 Ilustraciencia5: Exposición da 5ª edición do Premio Internacional de Ilustración Científica e Naturalista. CEIDA, Oleiros.

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: medioambiente@dacoruna.gal